

Don Carlos Potel Alvarellos, secretario accidental do Concello de Ponteareas (Pontevedra),

CERTIFICA que a Corporación Municipal, na sesión ordinaria levada a cabo o día 26 de novembro de 2019, a vista do seguinte ditame, **adoptou**, entre outros, o acordo proposto e co resultado de votos a favor do BNG, PSOE, PP e ACIP (20 votos, unanimidade dos membros presentes).

“2º) Expediente 7511/2019. Proposta da concelleira de Ensino para aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal da Infancia e da Adolescencia.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A participación da infancia e da adolescencia está recollida nos dereitos incluídos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, así como na Declaración de Dereitos dos Nenos e Nenas de Nacións Unidas de 1959.

A Convención sobre os Dereitos dos Nenos e Nenas, adoptada por Nacións Unidas en 1989 e ratificada por España en 1990, é o primeiro instrumento internacional xuridicamente vinculante que propicia a interrelación da infancia coas persoas adultas e as institucións.

Así pois, existe normativa recollida na Constitución Española, na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, a Lei Autonómica 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que amparan estes dereitos fundamentais.

Dende o ámbito da administración Local a Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, posibilita que a Corporación poda facilitar a participación de todos os cidadáns na vida local. Neste caso o Concello de Ponteareas pretende fomentar e facilitar a participación infantil e da adolescencia no goberno da súa cidade, creando un Consello sectorial que canalice as súas opinións e iniciativas nos asuntos da súa competencia.

Por outra banda esta vinculación da Infancia e Adolescencia en Ponteareas, servirá de punto de conexión e participación en programas como “Cidades Amigas da Infancia”, liderado por UNICEF Comité Español, que ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos dos Nenos e das Nenas.

E tamén coas “Cidades das Nenas e dos Nenos” liderado polo pensador e pedagogo Francesco Tonucci, que propón solucións á degradación das cidades, creando unha nova filosofía de goberno nas cidades, onde a infancia sexa o parámetro a seguir e a garantía dunha cidade diversa e mellor para todos conseguindo a recuperación da súa autonomía mediante un deseño axeitado dos espazos públicos.

Por todo o anteriormente exposto, é a vontade deste goberno constituír un Consello Municipal da Infancia e Adolescencia segundo o Regulamento articulado que presentamos, garantindo así o dereito de participación dos e



das menores e das organizacións sociais de promoción da infancia, propoñendo ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Ponteareas.

2. Someter a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e a súa publicación na sede electrónica do Concello.

3. Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

O texto do regulamento aprobado é o seguinte:

“REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

LIMIAR

A participación da infancia fundaméntase nos dereitos descritos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, e na Declaración de Dereitos do Neno de Nacións Unidas de 1959.

A Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada por Nacións Unidas en 1989 e ratificada posteriormente por España en 1990, primeiro instrumento internacional xuridicamente vinculante que incorpora toda unha gama de dereitos humanos centrados nos nenos e nas nenas, configúrase como un instrumento fundamental na concepción actual dos dereitos da infancia na que se destaca a consideración das nenas e nenos como suxeitos de dereitos e o establecemento dun marco de interrelación coas persoas adultas, as institucións e a sociedade delimitado polos principios de interese superior da infancia e o fomento da participación para propiciar a asunción de responsabilidades en todos os asuntos que lle afecten.

A Constitución Española no artigo 39.4 establece que “Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos”, así como a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil, modificada pola Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo do Sistema de Protección á infancia e adolescencia, que enumera os dereitos de participación dos/as menores.

A Lei 40/2015, do 1 de xullo do Réxime Xurídico do Sector Público regula o deber de colaboración entre as Administracións Públicas, así como o de prestar a cooperación e asistencia activas que as administracións puideran recadar mutuamente para o eficaz exercicio das dúas competencias. O capítulo 11 do Título Preliminar recolle o funcionamento dos órganos colexiados como unha das formas de garantir a acción pública.



A Lei orgánica 1/1 996 de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor, enumera os dereitos de participación dos menores, así como os principios reitores da acción administrativa, mencionando explicitamente os de mantemento do menor no medio familiar, a súa integración familiar e social, a prevención de situacións que poidan prexudicar o seu desenvolvemento persoal e a sensibilización da poboación. Vincula a todos os poderes públicos, as institucións especialmente relacionadas cos e cas menores, aos pais e nais, as familias e a cidadanía en xeral.

O Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia, destaca entre os seus obxectivos: promover o coñecemento da situación da Infancia e a Adolescencia, o impacto das políticas de Infancia, sensibilizar á poboación xeral e mobilizar aos axentes sociais, así como a participación infantil na sociedade civil.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio a familia e a convivencia de Galicia establece no artigo 38 entre os seus principios reitores, o da primacía do interese da ou do menor sobre calquera outro interese que inspire as actuacións públicas ou privadas de quen se encargue da súa protección por lexítimo que este sexa. Para a determinación dese interese atenderase en primeiro termo as necesidades e aos dereitos dos nenos e as nenas, e teranse en conta as súas opinións e desexos manifestados con xuízo suficiente e considerarase a súa individualidade no marco familiar e social.

Do mesmo xeito, recolle o principio de corresponsabilidade e o deber de colaboración dos pais, nais, titores ou titoras das persoas menores de idade, en primeiro termo, e simultánea ou subsidiariamente, todos os poderes públicos, administracións, entidades e cidadanía en xeral que deben contribuír, de forma coordinada, ao mellor cumprimento dos principios reitores en materia de infancia mediante o exercicio, nos seus respectivos ámbitos, das obrigas, as competencias e as responsabilidades que o ordenamento xurídico lles asigna.

No ámbito local a Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 69 dispón que as Corporacións Locais facilitarán a participación de todos os cidadáns na vida local.

O Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no seu artigo 130, outorga ao Pleno da Corporación a facultade de establecer Consellos Sectoriais, cuxa finalidade será a de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos sociais. A función de devanditos consellos será exclusivamente a de informar e, no seu caso, propor, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector ao que corresponda cada Consello.

Toda esta normativa, xunto coa intención de dar cumprimento ao acordo plenario de adhesión do Concello de Ponteareas ao proxecto internacional “A Cidade dos Nenos”, promovido polo pedagogo Italiano Franceso Tonucci baseado en dous piares: que os nenos participen no goberno da súa cidade e que estes recuperen a súa autonomía mediante un deseño axeitado dos espazos públicos, así como tamén a posibilidade de sumarse a iniciativa



Cidades amigas da Infancia de Unicef, xustifican sobradamente a vontade do Concello de Ponteareas de constituír un Consello Municipal da Infancia e adolescencia de conformidade coas disposicións que a continuación se relacionan e en cumprimento da Lei de protección do Menor que establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de promover a constitución de órganos de participación dos e das menores e das organizacións sociais da infancia.

Con esta finalidade, e no exercicio da potestade regulamentaria, o Concello de Ponteareas actúa de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

TITULO 1 - DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Definición e natureza.

O Consello Municipal de infancia e adolescencia constitúese como un órgano sectorial de participación cidadá que serve de espazo específico de desenvolvemento da participación infantil e adolescente activa na vida do municipio.

Trátase dun mecanismo para a colaboración entre os nenos, nenas, adolescentes e os adultos nas políticas municipais, e naqueles asuntos que afecten, de maneira directa ou indirecta á poboación infantil e adolescente, así como nos intereses que lles repercutan no seu normal desenvolvemento vital.

O Consello Municipal de infancia e adolescencia é un órgano participativo, de carácter consultivo e informativo de representación do conxunto da infancia e adolescencia dentro do municipio.

Artigo 2. Obxectivos.

- Favorecer a participación das nenas e nenos no deseño das políticas municipais, tendo en conta as súas propias miradas, opinións e expresións nos asuntos que lles afecten.*
- Promover o coñecemento, divulgación e concienciación dos dereitos e deberes da infancia así como os dereitos e deberes dos pais e nais educadoras e da sociedade en xeral para coa infancia.*
- Promover unha cultura de participación democrática de todas as nenas e nenos do municipio.*
- Estimular as nenas e nenos a aceptar a responsabilidade que lles corresponde para contribuír á vida da súa comunidade.*
- Favorecer unha supervisión do correcto funcionamento do consello de tódalas propostas aprobadas a través dun organismo de control.*

Artigo 3. Funcións.

- Ofrecer a nenos, nenas e adolescentes unha canle de participación institucional pola que facer chegar as opinións, necesidades, intereses e inquietudes da infancia e adolescencia ás autoridades locais.*



- *Propor ao Concello as medidas oportunas encamiñadas a favorecer o benestar e desenvolvemento dos dereitos da infancia no ámbito local.*
- *Informar das propostas ou resolucións Municipais respecto daqueles temas de interese para a Infancia e Adolescencia.*
- *Realizar seguimento da execución das propostas realizadas por nenos, nenas e adolescentes.*
- *Informar ao Concello sobre os problemas específicos da súa idade e propoñer solucións alternativas a estes problemas.*
- *Coñecer o programa anual de actuación e os recursos destinados a Infancia e Adolescencia.*
- *Favorecer a coordinación interinstitucional no referente á implantación de políticas orientadas á Infancia e Adolescencia.*
- *Colaborar no desenvolvemento do Plan Municipal de Infancia e Adolescencia, así como o seguimento de devandito plan, velando polo seu efectivo cumprimento e avaliación.*
- *Impulsar a unificación de criterios e formas de actuación e contribuír á sensibilización e formación dos profesionais que desenvolven a súa actividade con nenos, nenas e adolescentes.*

TITULO 2 - Composición, funcións e elección dos seus representantes.

Artigo 4 - Composición do Consello municipal de infancia e adolescencia.

4.1. O Consello Municipal da Infancia e Adolescencia estará composto polos seguintes membros:

A. **A Presidencia:** que será exercida polo Alcalde ou Alcaldesa, podendo delegar o exercicio do cargo na Concellaría que considere conveniente.

B. **A Secretaría:** con voz pero sen voto, estará ocupada por persoal municipal e será designada pola Presidencia do Consello.

C. **Vogalías infantís:**

- *Dous nenos/as en representación de cada un dos centros educativos, tanto de primaria como de secundaria, elixido/as democraticamente por votación entre os seus compañeiros/as.*
- *Os nenos e nenas que resulten elixidos, deberán presentar unha autorización asinada polos seus pais, nais ou titores/as para a súa participación no Consello e asistencia as sesións.*
- *Os centros educativos organizarán o acompañamento do alumnado ás sesións do Consello e o Concello facilitará o transporte para o seu traslado de ser o caso.*

D. **Vogalías adultas (Con voz pero sen voto):**

- *Un representante de cada un dos grupos municipais*



- *Dous docentes, en representación da totalidade dos equipos docentes dos centros educativos. Un de primaria e outro de secundaria. A dirección de cada centro educativo proporá un/ha candidato/a e o representante será elixido/a mediante sorteo efectuado pola Presidencia do Consello de entre todos/as os/as candidatos/as, que procederá ao seu nomeamento.*
- *Ata dúas persoas de entre o persoal técnico das áreas municipais implicadas máis directamente no desenvolvemento do Plan de Infancia e Adolescencia, nomeados pola presidencia do Consello.*
- *Solicitarase de UNICEF o nomeamento dunha persoa en calidade de asesor/a permanente deste órgano.*

Ademais, poderán asistir as persoas, asociacións, entidades e persoal técnico municipal das áreas afíns que se considere en cada momento segundo os temas a tratar, convidados/as polo Presidente/a ou a proposta e/ou requirimento do Consello.

Artigo 5. Funcións.

5.1. Son funcións da Presidencia:

- *Presidir ó Consello e coordinar a súa actividade.*
- *Fixar a proposta da orde do día, convocar e moderar as reunións do pleno do Consello.*
- *Garantir a participación de nenos, nenas e adolescentes no consello.*
- *Coordinar a relación do Consello cós Órganos do Goberno e Xestión municipal, e co resto de Consellos Municipais e/ou administracións.*
- *Representar ao Consello nos casos que proceda, e exercer cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de Presidente do Consello, ou lle sexan encomendadas polo mesmo.*

5.2. Son funcións da Secretaría:

- *Preparar e cursar a proposta da orde do día das sesións.*
- *Asistir ás sesións, con voz, levantando acta das sesións e, unha vez aprobadas, autorizalas rubricándoas.*
- *Autorizar coa súa firma os acordos aprobados polo Consello e as modificacións que se introduzan.*
- *Facilitar aos Vogais a información e asistencia técnica necesarias para o mellor desenvolvemento das funcións a eles asignadas.*
- *Velar pola rápida posta en coñecemento da Presidencia de todos os asuntos, informes, propostas e documentos que teñan entrada na Secretaría.*
- *Expedir, co Vº e Pr do presidente/a certificacións sobre actos e acordos do Consello.*
- *Cantas outras lle sexan atribuídas pola Presidencia para a boa marcha dos asuntos do Consello ou das súas Comisións.*



5.3. Son funcións dos/as vocais:

- *Recibir, cunha antelación mínima de vinte días hábiles, a convocatoria coa orde do día das reunións, salvo as convocatorias de carácter extraordinario, que se poderán realizar con corenta e oito horas de antelación.*
- *Asistir ás reunións e participar nos debates expondo a súa opinión e formulando as propostas que estimen pertinentes.*
- *Exercer o seu dereito ao voto, así como expresar o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican.*
- *Propor á Presidencia, a través da Secretaría do Consello, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas.*
- *Achegar a información relativa ao seu ámbito de representación que o Consello lle requira.*
- *Recibir información de canto aconteza no Consello e que interese para o bo funcionamento do mesmo.*

Artigo 6. Elección, renovación e suplencia dos membros do Consello.

6.1. O/a Presidente/a e Secretario/a serán elixidos en función do seu cargo, sendo o seu mandato coincidente por catro anos en función do mandato electoral.

6.2. Os nenos, nenas e/ou adolescentes vocais do Consello serán elixidos democraticamente por votación, polos seus compañeiros/as nos distintos colexios ou institutos da localidade.

O proceso electoral será organizado polos propios Centros Educativos, considerando aspectos de xénero, equidade e inclusión social. (Recoméndase que a elección se realice entre nenos e nenas de 4 e 5 de primaria e de 2 e 3 de ESO para garantir unha continuidade de dous anos, pero tamén poderán acceder a dito cargo todos aqueles mozos e mozas menores de 18 anos, alumnos de bacharelato ou de ciclos formativos.)

Os requisitos para formar parte deste proceso son: estudar nun centro do municipio aínda que non se resida no mesmo, ter menos de 18 anos, voluntariedade e contar co consentimento de quen ostente a patria potestade ou a garda e custodia para participar no Consello.

O seu cargo terá unha duración de 2 anos, podendo ser reelixidos/as.

6.3. Para o resto de vogais, a elección responderá os criterios internos de cada órgano, entidade ou partido político ao que representan.

6.4. Cada representante terá un/a suplente elixido/a co mesmo procedemento que a persoa titular.



6.5. En caso de ausencia ou enfermidade e en xeral cando conorra algunha causa xustificada, os membros titulares poderán delegar o seu voto noutro membro mediante a correspondente acreditación ou ser substituídos polos seus suplentes, previa acreditación ante a Secretaría do Consello.

TITULO 3 - Funcionamento do Consello municipal da infancia e adolescencia.

Artigo 7 - Funcionamento e periodicidade de reunións.

7.1. O Pleno do consello municipal de infancia e adolescencia reunirse con carácter ordinario polo menos dúas veces ao ano, (Unha delas preferentemente no mes de Novembro), podendo convocarse con carácter extraordinario por decisión da Presidencia, a petición dun terzo dos membros do Consello, ou por acordo unánime do grupo de participación.

As sesións ordinarias do Consello serán convocadas cunha antelación mínima de vinte días hábiles e con corenta e oito horas, si é extraordinaria, acompañadas da Orde do día, hora e lugar de celebración, e, no seu caso, da documentación suficiente.

Celebraranse en horario compatible coas actividades escolares, de maneira que se facilite a asistencia dos/as menores. E preferiblemente evitando que coincida cos períodos dos exames.

O Consello considerarase validamente constituído en primeira convocatoria cando asista polo menos a metade máis un dos membros con dereito a voto e en segunda convocatoria, media hora despois, calquera que sexa o número de membros asistentes con dereito a voto, sempre que non sexa inferior a dez.

En calquera caso é imprescindible a asistencia do Presidente/a e o Secretario/a. No caso da non asistencia do alcalde/sa ha de xustificarse a causa.

O Consello adoptará os Acordos por maioría simple, sendo o voto algo persoal e indelegable.

En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente/a.

Os acordos e Resolucións do Consello serán difundidos pola Secretaría sobre todo, entre aqueles Servizos Municipais que se vexan afectados por eles.

7.2. Obradoiros de participación de infancia e adolescencia.

En caso que así se determine pola presidencia ou polo propio Consello de infancia e adolescencia, poderanse conformar grupos ou talleres de participación dinamizados por persoal técnico, para facilitar as achegas dun maior número de nenos e nenas.

A información e as decisións tomadas por estes grupos de participación trasladaranse ao Pleno do consello de infancia e adolescencia por parte dos seus voceiros/as, para a súa aprobación.



Os obradoiros de participación que se realizarán nos distintos centros educativos, estarán integrados por nenos e nenas que voluntariamente desexen formar parte do mesmo, coa única finalidade de facer efectivo o seu dereito a ser escoitados en relación con todos os asuntos municipais que lles afecten.

Estes grupos de participación infantil reuniránse exclusivamente durante os meses lectivos escolares, e de considerarse necesario, se dividirá en seccións para agrupar ás nenas e nenos en función da súa idade, lugar de residencia, etc.

O Concello realizará actividades de información para que pasen a formar parte deste grupos todos os nenos e nenas que o desexen sen ningún tipo de discriminación, considerando un enfoque de xénero, de equidade e inclusivo.

Artigo 8 - Motivos causantes de baixa.

Nenos, nenas e/ou adolescentes serán causantes de baixa: ao cumprir os 18 anos ou ben transcorrido o seu período electivo, por propia vontade.

No caso dos representantes políticos, serán baixa cando cumplan o seu período electivo.

No caso do resto de membros do Consello serán baixa cando así o manifesten por escrito á Presidencia e asegurando a súa suplencia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

O Consello rexerá polo presente Regulamento e con carácter xeral, polo establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e pola Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

No non previsto no presente Regulamento estarase ao disposto na normativa de réxime local e demais de aplicación pertinente.

As actuacións e documentos que se articulen ao amparo deste Regulamento efectuaranse con linguaxe sinxela e comprensible para os nenos e nenas.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e tramitarase con arranxo ao procedemento establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.”

E para que así conste e para os efectos oportunos, expido e asino o presente, coa salvedade do artigo 206 do R.O.F., de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas.



O alcalde,

O secretario acctal.,

Documento asinado electrónicamente

